

JUAN CAAMAÑO 3º ESO B

1.Pon en feminino.(0,5)

Padrasto
xenro
castrón
vacún
laczán
cidadán
campión

2.Pon en plural.(0,5)

Mísil
lapis
cónsul
capital

3.Acentúa o seguinte texto. (1)

A través de diversos textos históricos e grazas a aparición de obxectos arqueolóxicos, pode afirmarse que, sen dúbida, existiu algún tipo de práctica musical entre os habitantes do oeste e noroeste peninsular antes da romanización. O problema é que non ficou ningún vestixio desta práctica. Entre eses obxectos hai algúns que poderían ser considerados como instrumentos musicais (triángulos, crotales, bumerangs, sacudidores, etc.). Ademais, polo achado de xacementos, pode deducirse que neses pobos era común a práctica de danzas rituais e danzas mímicas durante ese período.

María Pilar Alén: *Historia da música galega*

4.Sinala os pronomes persoais tónicos e os átonos.(1)

- A ela recolleuna seu pai.
- Ti escribe o que che pareza.
- Ese profesor examinoume a min.
- Déillelos porque non me servían.
- Ela si sabe quen a matou e aínda mo segue a facer pagar a min.

5.Analiza as seguintes formas verbais (modo, tempo, número e persoa)(1)

Dei
Caíbo
Din
Vamos

6.Le este texto e responde as preguntas(2)

Na miña vila non había máis ca un cine. Agora, chegaba ben. Os días de cine anunciábanse cun taboleiro cheo de cadros da cinta colgado da parede. Entradas non había máis ca de dúas clases: as butacas, abaixo, e o galiñeiro, arriba. Agora os prezos subiron, pero daquela unha butaca custaba doce cadelas e unha entrada de galiñeiro,

seis. Ao galiñeiro só iamos os rapaces, pobres ou ricos, e os homes pobres.

Marcial Suárez, *O acomodador e outros relatos* (Adaptación)

- A cal dos xéneros literarios pensas que se axusta este texto? Por que?
- Que subxéneros se distinguen nese xénero literario?
- Elabora un esquema en que recollas os tres xéneros literarios e os seus subxéneros.

7. Clasifica as oracións deste texto segundo a súa modalidade.(1)

Non trouxeches o libro que che dixen? Volve á casa a buscalo! Que tarde é! Xa non chegamos. Oxalá o autobús veña puntual! Por que non vas máis de présa? Xa deben ser as oito ou as oito e media. Póño-me tan nerviosa contigo! Mañá, por favor, non esquezas nada. Ao mellor pídolle a meu pai que nos levo no coche. Bule!

8. Substitúe polo pronome átono que corresponda o obxecto directo das seguintes oracións.(1)

- Vin a teus pais.
- Teño que poñer as novidades no escaparate.
- O xurado escoitou atentamente as cancións.
- Ten moita vergoña.
- Inauguraron a nova biblioteca

9. Analiza as seguintes oracións:(2)

- A casa da miña madriña é moi vella.
- Unha muller nova con sombreiro estaba sentada na barra do bar.